

Ola rapaces! Que tal? Como xa falamos o último día de clase é moi importante que nesta quincena nos manteñamos activos, xa que é o único xeito de ser produtivos e de o que tempo se pase axiña. Recordade que cada día é un día menos para volver á normalidade e para vernos! ;)

E por se houbera algún despistado que se esquecera de anotar algunha das tarefas que puxen o xoves, déixovolas novamente aquí recollidas.

- **MATES:** Ficha nº 4, 5, 6 e 7.
- **LENGUA:** No apartado de *Literatura* facer o resumo e no bloque do *Adxectivo* facer os exercicios (tanto os de ordenador como os de portfolio).
- **LINGUA:** Tema 7. No apartado de *Palabras Compostas* facer os exercicios e no de *Literatura* ler e facer o resumo correspondente.
- **SOCIAIS:** Ler a ficha nº 5 e ler tamén a ficha nº 6 resolvendo os seus exercicios.
- **NATURAIS:** Ler o apartado *Nutrientes* e facer o exercicio nº 3. Ler tamén os *Tipos de alimentos*. E finalmente ler o apartado *Dieta equilibrada* facendo no portfolio unha pirámide dos alimentos.
- Do libro de lectura **Hilario e os tres medos**: Ler os capítulos 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7.

E se despois de todo isto aínda vos sobra tempo recoméndoos que visitedes algúns destes enderezos para que o tempo voe mentres aprendedes:

<https://www.imageneseducativas.com/>

<https://www.orientacionandujar.es/>

<https://www.mundoprimaria.com/>

<https://famiyaiycole.com/>

<http://rejuega.com/>

Destaco especialmente estas dúas propostas:

<http://aulasgalegas.org/> É un portal educativo realizado por un colectivo de profesoras e profesores que ante a situación de illamento provocada polo coronavirus Covid-19 ofrece unha axuda educativa á sociedade.

<http://teatroteca.teatro.es> É una iniciativa do Ministerio de Cultura de España que ofrece 1500 obras de teatro totalmente gratuitas que se poden ver dende o teléfono móvil e/ou ordenador.

E por último, creo que é moi importante que planifiquedes o voso día, así saberedes que facer en todo momento. Por iso, déixovos una proposta de organización:



Mándovos un abrazo moi forte.

RAQUEL